



2.- Rexistro e acceso á aplicación:

Para empregar PROGRAMAME tes que **contar cun usuario e contrasinal** de www.recursoseducativos.net, se aínda non o tes poderás rexistrarte gratuitamente para empregar este e outros dos servizos dispoñibles.



Fai click en "rexístrate" e completa os diferentes campos, lembra que o e-mail, debe ser correcto xa que a el será onde se envíe a ligazón de activación do usuario

Unha vez completados **os campos de rexistro**, se non recibes ningún aviso de erro (usuario xa empregado, caracteres introducidos non válidos, etc), recibirás un correo de activación, que deberás abrir e premer na ligazón de activación que incluírá. Deste xeito a web comprobará que es un usuario real e procederá a finalizar o proceso de rexistro.

Lembra revisar a túa carpeta SPAM se non recibes o correo de activación ou contacta con info@recursoseducativos.net

En canto o usuario estea activado debes acceder introducido o teu usuario e contrasinal na opción "acceso usuarios", na parte superior dereita, dispoñible en calquera das páxinas de www.recursoseducativos.net.





É boa idea crear un usuario común para o centro, ademais do individual de cada mestre. Deste xeito ese usuario-centro poderá invitar ós mestres e compartir diferentes traballos conxuntos como a elaboración dos perfís de área, competencial, ou copiar estes para elaborar a programación persoal de cada un. (ver anexo I deste manual)

Observarás que accediches correctamente cando vexas escrito, no mesmo menú, o teu nome de usuario. Desde ese momento poderás acceder a programación desde o menú “as miñas aplicacións”:

Abandonas o teu acceso a recursoseducativos.net, cando se pecha o navegador tamén se sae do acceso automaticamente

Fai click en “AS MIÑAS APLICACIONES” para acceder ás que tes dispoñibles para o teu usuario

Desde aquí poderás modificar os teus datos de rexistro: contrasinal, e-mail de acceso, fotografía, código do centro....

Selecciona programación para entrar dentro da aplicación

recursoseducativos.net

De seguido podes modificar o teu contrasinal e correo
* campos obligatorios (o nome de usuario non pode ser modificado)

Cambia o teu avatar (serás redirixido ó foro onde poderás facelo)

Se queres cambiar o contrasinal podes facelo aquí, senón deixa o campo en branco e non será cambiado.

usuario: oscar_abilleira

* cambiar contrasinal:

* e-mail: oscar_abilleira@edu.xunta.es

Nome completo: Óscar Abilleira Muñiz

colexio/centro educativo ou análogo: CEIP Pedro Antonio Cerviño - Educación Infantil 2

Código Centro Educativo para amosar só as áreas de libre elección do teu centro (Só Galicia búscalo aquí - se queda en branco amosaranse todas) 36000685

web http://www.recursoseducativos.net

Recibir boletín de novidades na web no meu e-mail:

MODIFICAR

Indica o código do teu centro (só Galicia) para poder ver logo na aplicación as áreas de Libre Elección de centro, do teu centro. Se non se indica o código serán amosadas as de tódolos centros.

